

## OBXECTIVOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. 3º ESO

### OBXECTIVOS MÍNIMOS

1. Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e a súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.
- 2.. Coñecer os aspectos básicos do cristianismo.
3. Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás preguntas do ser humano sobre a concepción do home e o seu destino último.
4. Recoñecer e valorar os fitos más importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.
5. Analizar algúns dos problemas más graves que padece a nosa sociedade e que lles afectan radicalmente ás persoas, tales como a fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinación e a degradación do medio natural.
6. Recoñecer e valorar os fitos más importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.
7. Desenvolver a intelixencia emocional e espiritual por medio da reflexión e a interiorización de experiencias: a natureza, o autocoñecemento, a contemplación e a reflexión sobre feitos da vida diaria

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

#### • AVALIACIÓN DA MATERIA

Entendemos a avaliação non como un exercicio final que mida só os coñecementos dos alumnos, senón como un proceso mediante o cal detectamos se o alumno adquiriu as capacidades expresadas nos obxectivos e competencias básicas. Trátase, xa que logo, dunha avaliação continua, que se estende a todos os momentos da acción docente. Esta avaliação continua concrétese do seguinte xeito:

- \* As actividades iniciais de cada unidade didáctica ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).
- \* As actividades de estudio inclúen numerosos exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión conxunta (avaliación formativa).

**É importante insistir en que a fe do alumno non é o obxectivo da avaliação, esta haberá de respectar a intimidade da conciencia persoal, que obriga ao educador a avaliar tan só certos aspectos do ensino relixioso:**

- a) Á hora de establecer os contidos a preguntar nunha proba escrita haberá que valorar en igual medida a adquisición de coñecementos teórico-memorísticos procedentes das diferentes fontes como a capacidade crítica e valorativa que o alumno sexa capaz de desenvolver á hora de enfrentarse coas devanditas fontes.

**b)** En canto aos traballos propostos na clase ( terán que presentar 1 por avaliación), valorarase por orde de importancia:

- \* Uso e elaboración de información.
- \* Que o contido se adecúe ao esquema proposto.
- \* A boa redacción, libre de faltas de ortografía.
- \* A orde e limpeza dos traballos.
- \* O sentido creativo e crítico dos alumnos.

**c)** No caderno de clase o alumno debe recoller todas as actividades propostas, así como as conclusíons dos debates, postas en común, apuntes, traballos persoais, etc. realizados durante o curso. O caderno de clase entregarase ao profesor para a cualificación de cada avaliación durante o curso así como ao remate do curso.

**d)** Con respecto a actitude, será conveniente avaliar se o alumno vai poñendo en práctica aquilo que é fundamental na materia: a adquisición de valores para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo un espírito crítico e solidario.

#### • PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Así pois os procedementos e instrumentos de avaliación constan dos seguintes indicadores:

- \*Aportacións e tarefas realizadas nos blogs da materia: “*Enreliando*” e “*O mundo que queremos*”.
- \*Tarefas realizadas na aula e a través dos cine-forum e a visualización de documentais.
- \*Corrección do caderno de clase .
- \*Traballos de clase sobre documentos escritos ou textos.
- \*Observación directa do alumno (atención, participación, traballo de grupos, comportamento...)
- \* A comprensión do tema e a expresión do mesmo.
- \*Análise, síntese, interpretación, producción, resolución de problemas e o uso da información.
- \* A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.
- \*Utilización das TIC e traballo nos blogs de aula.
- \* Interese e laboriosidade na aula.

#### • CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

**1. ASISTENCIA A CLASE**

Imprescindible para ter en conta o resto das variables.

**2. EXERCICIOS E TRABALLOS SOBRE OS CONTIDOS ESTUDADOS.**

Supón ata un máximo de 50 % na nota.

**4. TRABALLO EN EQUIPO**

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 30% da nota.

**3. PARTICIPACIÓN NA AULA**

Preguntas e/ou respuestas, aclaracións, debates, suxestións oportunas ao profesor e compañeiros.

Supón outro máximo de 10 % na nota.

**5. CUADERNO DE CLASE E APORTACIÓN AOS BLOGS DA MATERIA**

Supón ata un 10 % da nota.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

**• PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

No caso de que o alumnado quedase coa materia pendente para setembro, se lle entregarán as bases para a realización dun traballo sobre o tema/as que correspondan á materia do curso. Dito traballo se remitirá por email ao profeor/a que o terá que recibir como mínimo na data sinalada para o exame de setembro.